

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2026/6	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

4 de xuño de 2026

Duración:

Desde as 20:37 ata as 22:28

Lugar:

Salón de Plenos do Concello de A Estrada

Presidida por:

GONZALO LOUZAO DONO

Secretaria:

MARIA JESUSA FERNANDEZ BASCUAS

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0007 Data: 03/07/2026

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	ANA BECEIRO RIVAS (interventora)	NON
[REDACTED]	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (informático)	SÍ
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	GUMERSINDO VILLAMAYOR MARTÍNEZ	SÍ
[REDACTED]	JESSICA RODRÍGUEZ CALVIÑO	SÍ
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JOSÉ CONDE TRASANDE	SÍ

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MARIA DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MARÍA BELÉN LÓPEZ PENA	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	MANUEL MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	ROMÁN SUÁREZ PORTO	SÍ
	XOÁN REYES VILLAR	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 7 DE MAIO DE 2026

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 7 de maio de 2026, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

Expediente 326/2026. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL E MEDIO AMBIENTE EN RELACIÓN COA MOCIÓN DO GRUPO DO PSdeG-PSOE PARA A REORGANIZACIÓN DOS CONTEDORES DE LIXO

Desfavorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 8, En contra: 13, Abstencións: 0, Ausentes: 0

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Vista a Moción presentada polo grupo municipal do PsdeG-PSOE con data 20 de xaneiro de 2026 (registro de entrada 2026-E.RCIO-1), a cal se transcribe literalmente de seguido:





“A reordenación dos contedores de recollida de residuos sólidos urbanos non contenta a ninguén, non pola modificación das propias illas de recollida, se non porque é unha distribución que lle causa un perxuízo importante a centos de veciños e veciñas da vila, que neste momento atopan dificultades para poder facer a reciclaxe en condicións de normalidade.

A recollida de residuos é unha competencia municipal en virtude do artigo 25.2.b da Lei de Bases de Réxime Local, e polo tanto, a súa xestión é indiscutiblemente municipal. A xestión de RSU debe facerse conforme ao interese público, dos veciños e veciñas.

No caso da reordenación dos contedores, os mantras que seguiu o Goberno Municipal foron o da “eficiencia”, que funcionou como eufemismo para explicar “que o camiión recolla rápido”, e o de “carga lateral dereita”, que pretende servir á cacarexada eficiencia buscada polo Concelleiro responsable.

Neses mantras, non está por ningures o interese xeral dos veciños e veciñas, que reclaman un servizo accesible e próximo. Por iso, decenas de veciños e veciñas dirixiron as súas queixas ao Grupo Municipal Socialista, a fin de interesar novas illas de contedores ou o cambio de localización doutras.

Unha situación ridícula causada pola nova distribución é que a Rúa Calvo Sotelo, con pulmón comercial e un grande número de veciños e veciñas censados quedara sen servizo próximo, tendo que desprazarse ás cabeceiras da rúa, á rúa Iryda, á Praza da Igrexa ou Rúa Gradín.

A falta de preocupación do Goberno pola situación na que quedan comerciantes, hostaleiros e veciños e veciñas en xeral, queda retratada nunha distribución pouco intelixente das novas illas, que quedan lonxe de zonas de paso habitual e que obrigan a moitos veciños e veciñas con idade avanzada e problemas de mobilidade, a facer un esforzo para levar a cabo unha tarefa tan normal como tirar o lixo.

Polo exposto,

Proposta de resolución

O Grupo Municipal Socialista presenta para a súa aprobación polo Pleno, a adopción dos seguintes acordos:

- 1.- Instalar illas de Contedores no entorno da Rúa Castelao e da Rúa Justo Martínez, no lugar onde existían contedores soterrados.*
- 2.- Revisar as comunicacións de veciños e veciñas presentadas por Rexistro a fin de resolver outros problemas causados pola reorganización.”*

Visto o Ditame desfavorable adoptado pola Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente na sesión celebrada o 28 de maio de 2026.

Visto o debatido nesta sesión.

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0007 Data: 03/07/2026

Cod. Validación: 5PF7MD7LPHFPSQD4ZNMILZKSZ
Corrección: <https://estrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 10





RESOLUCIÓN:

Sometido a moción a votación esta é rexeitada polos votos en contra do grupo do PP e a favor dos dos grupos do PSdeG-PSOE, BNG e Mixto (MOVETE).

Intervén **Dña. Caridad Jackeline Sánchez López** (DNI [REDACTED]) para dar lectura a unha serie de demandas relacionadas co tema a tratar no seguinte punto desta Orde do Día, previa solicitude efectuada o 2 de xuño de 2026 (Rex. Entrada 2026-E-RE-2105) en aplicación do disposto no artigo 10.1 do Regulamento municipal de Participación Cidadá.

A súa intervención queda recollida no arquivo audiovisual resultante da gravación efectuada, formando parte desta acta.

Expediente 2774/2026. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EDUCACIÓN EN RELACIÓN COA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE EN RELACIÓN COA NECESIDADE DE MELLORAR OS RECURSOS HUMANOS E AS INFRAESTRUTURAS DO IES "MANUEL GARCÍA BARROS"

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Vista a moción presentada con data 7 de maio de 2026 (registro de entrada 2026-E-RPLN-3) polo grupo municipal do Psde-PSOE, en relación coa necesidade de mellorar os recursos humanos e as infraestruturas do IES "Manuel García Barros", a cal se transcribe literalmente de seguido:

"O IES Manuel García Barros, centro educativo de referencia no noso concello, cumpre unha función esencial na formación da mocidade estradense, atendendo a un elevado número de alumnado procedente tanto do núcleo urbano como do rural.

Porén, a realidade do centro amosa unha serie de carencias de persoal que levan anos sen solución, malia seren coñecidas pola administración autonómica. Estas deficiencias afectan directamente á calidade do ensino e ás condicións nas que alumnado e profesorado desenvolven a súa actividade diaria.

No ámbito dos recursos humanos, o centro enfróntase a:

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0007 Data: 03/07/2026

Cod. Validación: 5PF7MD7LPHFPSQD4ZNMILZKSZ
Corrección: <https://estrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 10





1- Ratios elevadas, que dificultan a atención individualizada.

2- Insuficiencia de profesorado para realizar desdobres e agrupamentos flexibles, especialmente en 1º e 2º da ESO.

3- Falta de persoal especializado para atender ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

4- Necesidade de reforzo en orientación, atención á diversidade e coordinación docente.

É necesario destacar que a normativa autonómica que fixa as ratios de persoal docente (Resolución do 10 de xaneiro de 2024, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos) e persoal de atención a necesidades especiais (Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011) refiren o máximo aplicable, supoñen un límite de aceptable, pero non impiden que a dotación de persoal mellore eses niveis máximos en beneficio dos proxectos educativos dos centros e polo tanto, do servizo prestado pola comunidade educativa.

No ámbito das infraestruturas, o IES Manuel García Barros presenta problemas que afectan ao normal funcionamento do centro, e dos que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidade e Formación Profesional.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

O Pleno do Concello de A Estrada insta á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a:

1. Reforzo inmediato de persoal no IES Manuel García Barros:

- Dotar ao centro de, cando menos, unha praza adicional de profesorado especialista en pedagogía terapéutica.

- Incrementar o profesorado cos obxectivos de reducir as ratios a un máximo de 25 alumnos por aula, tendo en conta o alumnado con necesidades específicas; permitir agrupamentos específicos en 1º e 2º da ESO; garantir a cobertura das gardas de aula e recreo; ampliar o uso e atención da biblioteca escolar; e facilitar horas de coordinación entre departamentos e acción tutorial.

- Reforzar o cadro de persoal con máis orientadores/as, especialistas en audición e linguaxe, educación social e psicoloxía, persoal sanitario, persoal non docente (limpeza, mantemento e administración) e especialistas en TIC.

2. Programación de melloras nas infraestruturas do IES Manuel García Barros:

En coordinación coa Dirección do Centro e a ANPA, abordar unha axenda de melloras que resolvan os problemas que presentan as instalacións actuais, na que se contemplen os prazos de execución.

3. Dar traslado deste acordo tanto á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional como á dirección do IES Manuel García Barros como á ANPA e





aoconxunto da comunidade educativa do centro.”

Visto o Ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Benestar Social, Igualdade e Educación, na sesión celebrada o 28 de maio de 2026.

Deliberado sobre o particular, sométese a moción a votación (coas modificacións aprobadas na nomeada Comisión Informativa), sendo adoptado, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Instar á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia a:

- 1.- Proceder ao reforzo inmediato de persoal no IES Manuel García Barros, dotando ao centro de, cando menos, unha praza adicional de profesorado especialista en pedagogía terapéutica.
- 2.- Proceder ao reforzo do persoal de apoio especializado para a atención do alumnado matriculado no vindeiro curso académico 2026/2027 que solicite o propio centro, a fin de garantir a mellor atención posible; e que ese compromiso se manteña en cada curso, atendendo ás circunstancias que poidan ir xurdindo segundo a matrícula de cada ano escolar.
- 3.- Continuar co traballo iniciado por esa Consellería e a comunidade educativa coa finalidade de ir reducindo a ratio e alumnado, medida que deberá ir acompañada do incremento da plantilla no centro, e, mentras isto non se plasme nunha lei de obrigado cumprimento, se adecúen canles que permitan desdobramentos que favorezan e faciliten unha atención adecuada, dotando ao centro do profesorado necesario e, para elo, actualizar a Programación de melloras nas infraestruturas do IES Manuel García Barros.
- 4.- En coordinación coa Dirección do Centro e a ANPA, abordar unha axenda de melloras que resolvan os problemas que presentan as instalacións actuais, na que se contemplen os prazos de execución.

Segundo.- Dar traslado deste acordo á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e á dirección do IES Manuel García Barros, así como á ANPA e ao conxunto da comunidade educativa do centro.

Expediente 3205/2026. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EDUCACIÓN EN RELACIÓN COA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR POLA QUE PROPÓN A SOLICITUDE AO INSERSO O MANTEMENTO DOS CONCERTOS DE COLABORACIÓN MUNICIPAL NA XESTIÓN DO PROGRAMA DE TURISMO SOCIAL





Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Vista a moción presentada con data 25 de maio de 2026 (rtexistro de entrada 2026-E-RE-1815) polo grupo municipal do Partido Popular, pola que propón solicitar ao INSERSO o mantemento dos concertos de colaboración municipal na xestión do Programa de turismo Social, a cal se transcribe literalmente de seguido:

“O Concello de A Estrada vén colaborando historicamente (dende o ano 1989) e asumindo a tramitación e acompañamento das persoas maiores beneficiarias do Programa de Turismo Social (en adiante INSERSO), prestando un servizo de proximidade, especialmente para persoas con dificultades económicas, problemas de mobilidade ou escasa capacitación dixital.

Asi mesmo o Concello vén organizando integramente a xestión e tramitación das solicitudes de participación en dito programa; información sobre os prazos e métodos de acreditarse ante o INSERSO como posible beneficiario, facilitando información completa e clara sobre as viaxes que se concedían ao Concello da Estrada, facilitando moito a participación do colectivo de persoas ao que vai dirixido.

Neste Concello recibíuse por rexistro de entrada 2026-E-RE-4443, en data 11 de maio de 2026, carta emitida polo Instituto de Maiores e Servizos Sociais (INSERSO) onde se comunica, ao Concello de A Estrada e ao resto dos concellos, a extinción dos convenios de colaboración para a reserva de prazas no Programa de Vacacións para Maiores.

Ante esta comunicación, dende o departamento de Servizos Sociais intentouse contactar para solicitar aclaración sobre esta decisión e, sobre todo, coñecer con exactitude que información deberíamos transmitir aos usuarios deste programa, aclarando que sistema se implantará para que os nosos veciños/as poidan seguir disfrutando destas viaxes. A resposta do Ministerio e do INSERSO foi nula, deixando un baleiro de información total e absoluto.

Este Grupo municipal considera que o argumento esgrimido polo Instituto de Maiores e Servizos Sociais, escusándose en que na Disposición adicional oitava da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e de non producirse a oportuna adaptación a esta nova normativa, entende que os convenios subscritos polo IMSERSO quedan extinguidos é unha total falta de planificación e un desprezo aos nosos maiores, sobre todo en concellos pequenos ou medianos. É unha mostra máis do abandono das zonas rurais e da súa poboación máis vulnerable, privando a este colectivo dunha actividade que é moi valorada, pois permite a oportunidade de viaxar e gozar do turismo estatal a persoas que sen este programa non poderían acceder a este tipo de lecer.

Tendo en conta o anteriormente exposto, consideramos que a adaptación dos convenios de colaboración ao marco establecido pola Lei 40/215, de Réxime Xurídico do Sector

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0007 Data: 03/07/2026

Cod. Validación: 5PF7MD7LPHFPSQD4ZNMILZKSZ
Corrección: <https://estrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 10





Público non debería implicar necesariamente a desaparición da colaboración institucional existente, xa que se podería establecer unha moratoria que permitise seguir coma ata o de agora. Cómpre sinalar que a normativa esgrimida para a cancelación dos convenios é do ano 2015, se ben nos anos seguintes funcionou con total normalidade a colaboración institucional ata este 2026. Podería traballarse mentres na elaboración dun novo marco normativo adaptando os convenios á normativa actual, buscando o principio de cooperación entre administracións públicas que garantise a accesibilidade dos servizos públicos e a igualdade do acceso das persoas maiores ao programa de Turismo Social.

Polo exposto

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta para a súa aprobación polo Pleno, a adopción dos seguintes acordos:

1 .- Que se estude por parte do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2023 e do INSERSO o establecemento dunha moratoria ou réxime transitorio que permita manter temporalmente a colaboración municipal namentres se articula un novo marco normativo adaptado a lexislación vixente.

2.- Que se impulse a firma de novos convenios ou instrumento de colaboración coas administracións locais para garantir a atención presencial e o acompañamento ao administrado, atendendo fundamentalmente ás persoas maiores usuarias do Programa de Turismo Social

3.- Que se adopten medidas específicas para evitar situacións de exclusión derivadas da fenda dixital e das dificultades administrativas que afectan ás persoas maiores

4.- Dar traslado deste acordo a:

INSTITUTO DE MAIORES E SERVIZOS SOCIAIS (INSERSO)

FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEMP)”

Visto o Ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Benestar Social, Igualdade e Educación, na sesión celebrada o 28 de maio de 2026.

Deliberado sobre o particular, sométese a moción a votación, sendo adoptado, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Que se estude por parte do Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2023 e do INSERSO o establecemento dunha moratoria ou réxime transitorio que permita manter temporalmente a colaboración municipal namentres se articula un novo marco normativo adaptado a lexislación vixente.

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0007 Data: 03/07/2026

Cod. Validación: 5PF7MD7LPHFPSQD4ZNMILZKSZ
Corrección: <https://estrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 10





Segundo.- Que se impulse a firma de novos convenios ou instrumento de colaboración coas administracións locais para garantir a atención presencial e o acompañamento ao administrado, atendendo fundamentalmente ás persoas maiores usuarias do Programa de Turismo Social

Terceiro.- Que se adopten medidas específicas para evitar situacións de exclusión derivadas da fenda dixital e das dificultades administrativas que afectan ás persoas maiores

Cuarto.- Dar traslado deste acordo a:

- INSTITUTO DE MAIORES E SERVIZOS SOCIAIS (INSERSO)
- FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEMP)

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO DO 4 AO 29 DE MAIO DE 2026

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados do 4 ao 29 de maio de 2026, que van dende o número 2026-0630 ao número 2026-0813 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Neste apartado interveñen os voceiros e voceiras dos grupos políticos municipais. Así mesmo, intervén, en cumprimento co establecido no Regulamento de Participación Cidadá, a seguinte persoa asistente no público:

- Dna. Balbina Martínez Ramallal (DNI [REDACTED])

Todas as intervencións quedan recollidas no arquivo audiovisual resultante das gravacións efectuadas, formando parte desta acta.

Levántase a sesión sendo as vinte e dúas horas e vinte e oito minutos do día do seu

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0007 Data: 03/07/2026

Cod. Validación: 5PF7MD7LPHFPSQD4ZNMZKSZ
Corrección: <https://estrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 10





comezo.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre los libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á presente acta o acceso ao arquivo audiovisual resultante da gravacións das intervencións na sesión co enlace, formando parte da mesma:

<https://aestrada-plenos.tiivii.com/gl/2026/06/05/pleno-concello-de-a-estrada-4-de-xuno-2026/>

Garántese a autenticidade e integridade do nomeado arquivo audiovisual co certificado correspondente incluído no expediente e que inclúe a marca dixital “hash”:

DEA75F257F1FDA338248D2CA44685B4C8AB7B19EBA287B49792EEF4AE54F6EE6

Marca dixital xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma (desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas).

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0007 Data: 03/07/2026

Cod. Validación: 5PF7MD7LPHFPSQD4ZKNKMLZKS2
Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 10

